

Pica pica (Linnaeus, 1758)

	pega
	urraca
	mika
	garsa
	common magpie
	pega-rabuda



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	200-230 g
Lonxitude	40-51 cm
Envergadura	52-60 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Corvidae	<i>Pica</i>

ALIMENTACIÓN

Gran, invertebrados, froitos, e ata prea e ovos doutras aves.

COMPORTEMENTO

Ambos sexos constrúen un niño moi elaborado colgado nun arbusto grande ou árbore utilizando ramas e barro e cun teito protector feito de paus espiñentos. Son habitualmente solitarios, aínda que a finais de inverno se xuntan en bandos numerosos que saltan, se perseguen e corren entre as ramas de forma reuidosa (pénsase que é a forma dos animais solteiros de atopar parella).

REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo-abril. Unha soa posta ao ano, de 5-8 ovos de cor azul moi moteados que son incubados pola femia durante 21-22 días. Os polos deixarán o niño despois de 24-32 días.

HÁBITAT

Sobre todo en rexións agrícolas ou con árbores dispersas, non en zonas de bosque mesto.

DISTRIBUCIÓN

Aparece en todo o hemisferio norte, salvo as zonas de condicións máis extremas.

CURIOSIDADES

Existen exemplares raros que presentan a zona de pel núa debaixo do ollo de cor azul e incluso amarela.

Esta especie é notoria por esconder non só alimento para épocas de escaseza no futuro, senón tamén calquera obxecto coloreado ou brillante que chame a súa atención.

A subespecie que aparece na península é *Pica pica* subsp. *melanotos*